

ACTA COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

Sesión do 21 de outubro de 2014

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia de Ourense reúnen os membros da Comisión Garantía Interna de Calidade, o día martes 21 de outubro de 2014, ás 16.30 horas, en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte:

ORDE DO DIA

1. **Aprobación, da acta da sesión anterior.**
2. **Informe da Presidenta.**
3. **Revisión e validación do autoinforme provisional de Seguimento.**
4. **Análise de datos e resultados.**
5. **Aprobación do procedemento para o Seguimento e Control da Docencia.**
6. **Situación na que quedan os alumnos que non finalizaron o máster “Historia, Patrimônio e Recursos Patrimoniais”.**
7. **Rogos e Preguntas.**

A decana cédelle a palabra para presidir esta comisión a vicedecana Susana Reboreda Morillo, coordinadora de Calidade do Centro.

A vicedecana comeza a sesión, desculpa a falta da súa asistencia: Montserrat Gómez Iglesias (asuntos de índole familiar); María López Díaz (revisións médicas); Ángel López Domínguez (viaxe); Antonio Presedo Garazo (asuntos personais); e Xulio Rodríguez González (motivos laborais).

1. **Aprobación, da acta da sesión anterior.**

Apróbase, a acta se ningún voto en contra.

2. **Informe da Presidenta.**

A Vicedecana comenta as seguintes cuestións:

Xa que non foi posible nomear un vicedecano/a da área de calidade proque o número de vicedecanos/as da Universidade de Vigo están en relación con número de estudantes matriculados/as; ofreceuse ao conxunto de profesorado a posibilidade de colaborar nas tarefas de

calidad a cambio de disfrutar da metade da bolsa de horas asignadas ao centro. O profesor Antonio Presedo aceptou e na última xunta aprobouse nomealo Colaborador nas tarefas de calidade. A partir de aí empréndense as seguintes tarefas: repásase o calendario de actividades de calidade e despois se elabora o autoinforme de seguimento. Susana subraia que foi un gran acerto o nomeamento de Antonio, xa que a colaboración con el axudou notablemente a posta ao día das tarefas de calidade.

Outro aspecto sobre o que debemos reflexionar é a necesidade de que esta comisión realice unha participación máis activa; tamén desta tarefa de activar a Comisión, encargáranse Antonio e ela.

■ Dentro do calendario prefixado se sinalaban dúas actividades a realizar en setembro e outubro:

- Unha era solicitar suxerencias para a realización de cursos de formación para o PDI, obtendo as seguintes respostas:

- María Victoria Fernández, suxire un curso de Moodle.
- Antonio Presedo, está interesado nun curso sobre técnicas básicas de comunicación e outro de ergonomía física para aplicar ó traballo na aula, no despacho e nos arquivos históricos (isto é: posicións adecuadas de traballo e exercicios para prever lesións).
- Mercedes Durany, propón tres cursos: curso práctico de Moodle, curso práctico de internet para historiadores e Redes Sociais (facebook, Twiter, Linkedin, etc.), curso práctico de paint u outros programas similares. Tamén sinala que ten feito varios cursos de formación, pero en todos eles, vota en falta máis práctica.

- Outra, actividade que figura no calendario de calidade é, a elaboración e aprobación na xunta de facultade dun procedemento que regula o seguimento das actividades docentes: titorías, asistencia as clases, exames, etc., que deberán quedar rexistradas aos efectos de evidencias. De feito, aprobouse na xunta de facultade do 9 de outubro os procedementos para o seguimento do labor docente.

■ Por último a Vicedecana sinala que outra tarefa é incentivar a comunidade univervitaria da Facultade de Historia, para a súa involucración nos temas de calidade.

3. Revisión e validación do autoinforme provisional de Seguimento.

Nesta semana remitiuse a Área de Calidade o autoinforme provisional, para que na mencionada área realicen a revisión técnica precisa e nos envíen as

suxerencias que consideren. Despois, unha vez revisadas e incluídas as consideracións, remitirase dende o Centro o autorinforme definitivo para ser remitido á ACSUG.

4. Análise de datos e resultados.

O curso pasado a valoración interna do autoinforme definitivo acadou o "non conforme"; a pesar das moitas alegacións, que fixeronse en tempo e forma, non foron consideradas e remitiron a mesma valoración, sem introducir ningún cambio. Susana informa que o director da Área de Calidade, vai tratar de unificar criterios entre os avaliadores encargados de realizar o informe.

5. Aprobación do procedemento para o Seguimento e Control da Docencia.

A Vicedecana sinala que o procedemento, que enviosuse en adxunto ca convocatoria desta xuntanza, aprobouse na xunta de facultade do día 9 de outubro.

6. Situación na que quedan os alumnos que non finalizaron o Máster: "Historia, Patrimonio e Recursos Patrimoniais".

Suspendese o máster anterior unha nova oferta froito da fusión deste máster cun outro que existía na Escola de Enxeñería de Minas. María López preguntara, na xuntanza anterior, en que situación quedan os alumnos que non finalizaron o máster extinguido. Quedárase en facer a consulta ao xefe da xección de posgrao e formación continua, quen indica que "Estos alumnos aún tendrán derecho a matrícula con examen, pero sin docencia, en el curso 2014/2015, que será el último en el que se puedan matricular". Además, xa que "Este máster tiene la modalidad de tiempo parcial, los plazos de extinción serían:

2013/2014: Docencia para tiempo completo y para tiempo parcial

2014/2015: Docencia para las materias de tiempo parcial que no fueron matriculadas en el 2013/2014. Derecho de examen sin docencia para todos los demás.

2015/2016: Derecho de examen sin docencia para los que se matricularon de tiempo parcial en el curso 2014/2015".

Apróbase o informe da suspensión.

7. Rogos e Preguntas.

Non hai.


E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e de todo dou fe como Secretaria.

A Decana



Beatriz Comedador Rey

A Secretaria



Mª del Carmen Fdez. Contreras

COMISIÓN INTERNA GARANTÍA DE CALIDADE

ORDINARIA

21/10 /2014

COMEDADOR REY, BEATRIZ
 FERNANDEZ CONTRERAS, Mª DEL CARMEN
 GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
 LOPEZ DIAZ, MARÍA
 LÓPEZ DOMÍNGUEZ, ÁNGEL
 LOPEZ LOPEZ, MARTA
 PRESEDO GARAZO, ANTONIO
 REBORDA MORILLO, SUSANA MARÍA
 REAL LÓPEZ, ARTURO
 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, XULIO
 SÁNCHEZ FERRO, PABLO
 UÑA ALVAREZ, ELENA DE

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	SI
	SI
	SI
SI	
	SI
SI	
SI	
	SI
SI	
SI	